

PREGÓN BELÉN DE BEGONTE

Begontinos e begontinas, visitantes

Moi boa tarde a todos

Quixera comezar cun sincero agradecemento. O que lles transmito en nome de Román Rodríguez, conselleiro de Cultura e Turismo. Atópase de camiño a Xapón para participar nun acto de irmandamento ao que Galicia foi convidada e quere facerlles partícipes da enorme honra que sentiu ao ser coñecedor do seu nomeamento como pregoeiro do Nadal nesta vila. E tamén quere transmitirilles as súas desculpas ante a imposibilidade de estar hoxe con nós.

Moitas grazas en nome do Conselleiro ao concello de Begonte, ao seu alcalde José Ulla e grazas, por suposto a todos os veciños e veciñas. ¡Moi bo Nadal da súa parte!

Hai catro anos tiven a oportunidade de ter tamén eu esta honra como pregoeira. Unha honra que me alegra repetir este ano, porque aquela experiencia deixou en min unha gran pegada.

Comprobei como a combinación entre a tradición, o entusiasmo e o traballo da xente que vive nesta terra fai posible que Begonte sexa nestas datas máis que nunca un lugar de encontro e de celebración.

O voso Belén achégase xa ás vodas de ouro, tempo no que a súa sona logrou traspasar os límites desta comarca, desta provincia, e incluso de toda Galicia.

É un gran reclamo e un dos acontecementos máis esperados polos galegos e galegas que, parafraseando aquilo que escribira o ilustre poeta Fiz Vergara Vilariño "*A Begonte este ano virán*

para visitar o Belén; de Begonte volverán cheos de paz e ben."¹

¡Non me cabe a menor dúbida!

Hoxe comprobo que aquel espírito do que fun partícipe cando pregoei estas festas por primeira vez, mantense intacto. E incluso atreveríame a dicir que máis forte. E iso é, por suposto, grazas ao voso traballo e ao voso tesón.

Por iso quixera dedicar estas palabras a todos os que dan o mellor de si mesmos para facelo realidade. Quero que, amais, sexa esta unha sentida homenaxe a todos os que marcharon e que, coas súas mans e ilusión deixaron un legado de incalculable alcance, poñendo en valor cada ano este nacemento.

Ao párroco Domínguez Guizán e José Rodríguez Varela, que foron os grandes impulsores e responsables de asentarmos uns sólidos cimentos para converter o Belén no que hoxe en día é: un referente de Begonte e unha das máis de 120 Festas de Interese Turístico de Galicia.

¹ O poema orixinal di: "A Begonte este ano iremos pra visita-lo Belén; de Begonte voltaremos encheitos de paz e ben."

E tamén dedico estas palabras ás dúcias de homes e mulleres - tanto os maiores que ensinan aos máis novos, como os mozos e mozas que garanten o relevo xeracional- que durante estes case 50 anos veñen axudando a conseguilo.

A inauguración das celebracións do Nadal coa apertura do voso Belén nesta fin de semana de Advento é o perfecto anticipo dunhas datas moi especiais. Producen en cada un de nós sentimentos atopados: a alegría de ver aos nosos, de felicitarnos e agasallarnos con sorpresas ou mesmo de volver a atoparnos coa familia e incluso coa terra que nos viu nacer.

Tamén é unha época de nostalxia polas ausencias. ¡Seguro que moitos dos aquí presentes comparten este sentimento!

Pero sobre todo o Nadal é un momento especial para xuntar nos nosos fogares a diferentes xeracións de galegos e galegas. Fillos,

netos, pais e avós compartindo xuntos lembranzas e tamén tradicións como a que hoxe nos reúne.

Estou segura de que a moitos de vostedes, como a min, lles ensinaron nas súas casas a colocar todas e cada unha das pezas dese belén que todos tiñamos nos nosos fogares e iamos completando ano a ano con novas figuriñas.

Eu recordo con moito cariño aquelas xornadas de Nadal xogando e movendo as figuras do nacemento. Adiantando día a día un pasiño máis as dos Reis Magos para que o 5 de xaneiro puideran estar diante do pesebre ¡Como manda a tradición!

Por iso cando visito o voso Belén, todos estes recordos volven á miña mente. Sodes o perfecto exemplo desa cultura belenística que os galegos e galegas conseguimos manter ano a ano.

Unha tradición que nos axuda, ademais a que tamén nestas datas Galicia se presente ao mundo como o que é: un pobo

aberto no que sempre hai espazo para todos, un pobo que se esforza e traballa unido.

Un pobo que non se rende ata conseguir o que se propón. Como fostes quen de facer os veciños e veciñas de Begonte, unidos estes días ao redor dunha mesma ilusión.

É esa tradición belenística a que nos permite facer tamén todo un itinerario polas catro provincias galegas coñecendo os beléns e tamén as súas contornas. Falo do Nacemento Artesanal de Valga, en Pontevedra, que comparte con vós o recoñecemento de Festa de Interese Turístico de Galicia. Pero tamén me refiro ao belén xigante de Viveiro, a escala natural, e en Ourense, é xa un clásico o do escultor Arturo Baltar.

Xunto a eles, na Coruña non falta o Belén da Gran Obra de Atocha, a escala do mapa de Xerusalén, ou en Santiago de Compostela o da Catedral.

E podería seguir, e seguir, e seguir...

Pero hoxe é o Nadal de Begonte. Un enclave único do Camiño do Norte e un verdadeiro punto de encontro cultural ao que sempre me gusta acudir e tamén recomendar.

Gústame ese espírito de concello agrícola e gandeiro que mantedes e que combinades co coidado das vosas contornas, coa posta en marcha de itinerarios para coñecer a beleza que se agacha ás beiras dos ríos Parga e Ladra e dos fermosos espazos verdes que rodean este lugar.

Gústame tamén o sabor de Begonte. Ese tan típico da gastronomía lucense e particularmente desta Terra Chá, onde a natureza foi tan xenerosa que tedes o privilexio de brindarnos de numerosos alimentos con Indicación Xeográfica Protexida ou Denominación de Orixe, como a pataca, os grelos ou os queixos. Porque, xa sabemos... Para comer, Lugo!

Gústame ese sentimento que poñedes a cada cousa que facedes e que o voso Belén recolle á perfección. Como tamén o resto de actividades que programades para estes días e que vos converten en verdadeiros protagonistas do Nadal galego.

No meu nome, no da Consellería de Cultura e Turismo e no da Xunta de Galicia quero reiterarvos a nosa gratitude por ser un exemplo. Estou segura de que co esforzo e o compromiso de todos faremos que este sexa un Nadal especial e o anticipo, tamén, dun gran ano de todos os galegos e as galegas.

Veciños e veciñas, amigos e amigas vidos de distintas partes de Galicia: sede benvidos, desfrutade da hospitalidade de Begonte e destas celebracións.

Moi bo Nadal!